

## Casa-Museo de Rosalía de Castro



### Descrición

A familia de Rosalía de Castro trasladouse a esta vivenda da Matanza en 1883. Conservamos unha fotografía na horta, de 1884. Ela está rodeada polos seus, ten unha flor nunha man e acariña un cadelión pinto que se agocha, como se non quixese saír na foto. Cando no mes de abril dese mesmo ano publica *En las orillas del Sar está gravemente enferma*. “*Ya que de la esperanza, para la vida mía, / triste y descolorido ha llegado el ocaso, / a mi morada oscura, dismantelada y fría / tornemos paso a paso, / porque con su alegría no aumente mi amargura/ la blanca luz del día*”.

Rosalía morreu o mediodía do 15 de xullo de 1885. Entrou na morte coa mesma humildade coa que viviu, cun ramallo de pensamentos na man. “Abride a fiestra que quero ver o mar”. O mar que quixo ver no momento final era o da ría de Padrón.

A Casa Museo de Rosalía é froito da vontade e do esforzo de moitas xentes boas e xenerosas. Singularizámolas na figura do filántropo Xosé Mosquera, “O Vello dos Contos”, que botou a andar este proxecto nos anos 40 do pasado século. A recente intervención museográfica quere abrir portas e ventás para amosarlle a todos a complexidade e a riqueza da súa vida e da súa obra universais.

Rosalía non tivo nunca casa propia. Quizais por iso escribiu “Quen casa ten de seu, ten media vida”. A esta, que agora é un símbolo onde as demais cobran sentido, acaeríalle ben sen dúbida a canción de Lucilla Galeazzi “Voglio una casa”. Unha casa para todos, acolledora e forte, humilde. Onde teña acubillo a poesía. Unha casa chea de luz coma unha estrela...

No outono de 1947 créase o Padroado Rosalía de Castro, co fin de arranxar a Casa da Matanza, na que Rosalía de Castro viviu os derradeiros anos da súa vida. Restaurouse en 1971, converténdose en Casa-Museo no 1972. A Fundación, que continúa o labor do Padroado, é a actual propietaria.

Pouco despois da morte de Rosalía a Casa da Matanza fica baldeira. Despois de varios intentos, é mercada en 1946 por Xosé Villar Granjel e Xosé Mosquera. Até 1951 non se realizou a primeira restauración, segundo planos de Gómez Román. Mais foi a partir da presidencia de Sixto Seco cando en 1971, baixo a dirección de Fernández-Albalat, se puido inaugurar como Casa-Museo o 15 de xullo dese ano. Da montaxe e dirección do Museo encargouse Xosé Fernando Filgueira Valverde, con tres liñas moi claras: a didáctica, a expositiva e a evocativa. En 1977 fíxose unha remodelación xeral discreta.

Desde 1970 fóronse adquirindo outras propiedades ademais da casa e da horta, onde se mantén a figueira, incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (50A), que a propia Rosalía plantou e cita nun dos seus poemas de Cantares Gallegos. En 1975 inaugúrase unha vivenda para a encargada da Casa-Museo (Maruxa Villanueva), unha Sala de Xuntas, un Arquivo da Fundación e servizos públicos e almacéns. En 1985 inaugúrase o Auditorio, con capacidade para 150 persoas, e en 1999 o Centro de Estudos Rosalíanos co obxectivo de crear unha biblioteca rosaliana, fomentar a investigación, organizar cursos e seminarios, así como crear unha liña editorial de calidade.

En decembro de 2012 comezaron obras de acondicionamento interior da Casa-Museo Rosalía de Castro. Posteriormente acometeuse a mellora do perfil museográfico da Casa-Museo, ademais de dotala de infraestrutura para a incorporación de novas tecnoloxías audiovisuais e novos servizos para os visitantes. Esta última reforma foi inaugurada finalmente en marzo do 2015.

Desde a súa inauguración, a Casa-Museo Rosalía de Castro, converteuse nun dos principais epicentros culturais de Galicia.

**INFORMACIÓN**

<b>TIPOLOXÍA</b>	Arquitectura civil
<b>CRONOLOXÍA</b>	Século XVII
<b>CONCELLO</b>	Padrón
<b>PARROQUIA</b>	Santa María de Iria Flavia
<b>REFERENCIAS</b>	<p>Fundación Rosalía de Castro   Casa de Rosalía (<a href="https://rosalia.gal/">https://rosalia.gal/</a>)</p> <p>Roteiro Rosalía de Castro   De Padrón polos camiños (<a href="https://rosalia.gal/que-facemos/actividades/roteiro-rosaliano-de-padron-polos-caminos/">https://rosalia.gal/que-facemos/actividades/roteiro-rosaliano-de-padron-polos-caminos/</a>)</p> <p>Ruta Rosaliana   As pegadas de Rosalía (<a href="https://www.rutarosaliana.gal/">https://www.rutarosaliana.gal/</a>)</p> <p>Rosalía de Castro nas terras de Compostela e Iria   culturagalega.gal (<a href="http://roteiros.culturagalega.gal/roteiros/ficha/4">http://roteiros.culturagalega.gal/roteiros/ficha/4</a>)</p> <p>Guía de árbores senlleiras de Padrón (<a href="http://padron.gal/images/Descargas/Guia-de-rboles-das-Senlleiras-Padrn.pdf">http://padron.gal/images/Descargas/Guia-de-rboles-das-Senlleiras-Padrn.pdf</a>)</p> <p>Casa-Museo de Rosalía de Castro en 1985   CRTVG (<a href="https://pasouquepasou.crtvg.gal/content/casa-museo-de-rosalia-de-castro-en-1985">https://pasouquepasou.crtvg.gal/content/casa-museo-de-rosalia-de-castro-en-1985</a>)</p>

**XEOLOCALIZACIÓN**

<b>COORDENADAS</b>	42.738441181401 , -8.6518646284496
--------------------	------------------------------------



\* Información obtida da páxina web [obaixoulla.gal](http://obaixoulla.gal). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).